

No anexo II, subvencións concedidas, modifícase a seguinte fila:

Diseño Tecnológico Textil de Galicia, S.L.	41	B27338979	B	Información integral do proceso produtivo	7.200 €
--	----	-----------	---	---	---------

Pasando a quedar da seguinte forma:

Diseño Tecnológico Textil de Galicia, S.L.	41	B27338979	B	Información integral do proceso produtivo	45.720 €
--	----	-----------	---	---	----------

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 27 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas para a realización de proxectos de investigación en biomedicina e ciencias da saúde nos centros do Sistema Sanitario Público Galego.*

A investigación sanitaria está incluída no ámbito da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia, considerándose unha actividade inseparable das estritamente asistenciais, necesaria para o axeitado funcionamento do sistema sanitario que, entre os principios enumerados no artigo 6 da mesma lei, inclúe a promoción da investigación básica e clínica no ámbito das ciencias da saúde.

O capítulo II (artigo 154) do título X da Lei 7/2003 determina tamén que as actividades de investigación se fomentarán no Sistema Sanitario de Galicia como elemento fundamental para o seu progreso. No mesmo capítulo II (artigo 155), e co obxecto de acadar unha maior eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos para programas de investigación, requírese a participación e axeitada coordinación da Consellería de Sanidade na determinación das políticas e o establecemento de prioridades de investigación no eido da saúde.

Entre os principios xerais do Servizo Galego de Saúde figura tamén o estímulo da docencia e investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais da rede galega de atención sanitaria de utilización pública. Por outra banda, entre as súas actuacións figura tamén o desenvolvemento de programas de formación e investigación.

A Consellería de Sanidade, considerando a transcendencia da actividade investigadora realizada no sector sanitario público, e na liña do recollido tanto polo Plan nacional de I+D+I como polo Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (en diante PGIDIT 2006-2010), considera necesario habilitar recursos para fomentar e incentivar a investigación sanitaria que se realiza nos centros que integran o Sistema Sanitario Público de Galicia, como elemento necesario para o impulso da

mellora cualitativa da atención que se presta á saúde da cidadanía e como activo indiscutible para a excelencia do propio sistema.

Por tal motivo, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria, propónse fomentar a investigación sanitaria, e facilitar a dedicación dos profesionais a esta actividade, poñendo os recursos financeiros necesarios para levar adiante proxectos de investigación que sexan coherentes coa política sanitaria actual, innovadores, e que respondan a criterios de calidade contrastados.

Na súa virtude, no uso das facultades que me confiren os artigos 36.4 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia (modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro),

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto a convocatoria e determinación dos requisitos necesarios para a concesión de axudas, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación nos centros do Sistema Sanitario Público de Galicia.

#### Artigo 2º.-*Requisitos xerais.*

1. Poderán acollerse ás axudas a que se refire esta orde os grupos de investigación que pertencen aos centros do Sistema Sanitario Público de Galicia.

2. Os integrantes dos grupos de investigación deberán ter formalizada a súa vinculación funcional, estatutaria ou contractual co centro solicitante, polo menos no intervalo de tempo comprendido entre o momento da presentación da solicitude e o final do proxecto de investigación de que se trate.

Non obstante, poderán formar parte do grupo de investigación profesionais que teñan formalizada a súa vinculación funcional, estatutaria ou contractual con outras institucións públicas ou privadas, sempre que estes profesionais non participen como «investigador principal» e non supoñan máis do cincuenta por cento (50%) do grupo de investigación.

3. Só se poderá participar como investigador nun proxecto nesta convocatoria. Non poderán ser investigadores principais os que consten como tal en proxectos concedidos na convocatoria de 2007 (Orde do 19 de setembro de 2007), ou en proxectos concedidos en calquera das convocatorias do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (Incite), ou do Plan nacional de I+D+I, excepto que finalicen en 2008.

4. Poderanse presentar proxectos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2008, e a súa duración poderá ser de dous ou de tres anos, sempre tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias nos sucesivos exercicios.

5. As axudas concedidas serán compatibles con outras axudas ou subvencións públicas destinadas á mesma finalidade. Esta compatibilidade estará condicionada a que o importe das devanditas axudas,

illada ou conxuntamente, non supere o custo do proxecto de investigación.

6. Os proxectos que impliquen investigación en seres humanos ou a utilización de mostras biolóxicas de orixe humana deberán respectar o establecido na Lei 14/2007, do 3 de xullo, sobre investigación biomédica, os principios fundamentais establecidos na Declaración de Helsinki, no Convenio do Consello de Europa sobre dereitos humanos e biomedicina, na Declaración Universal da UNESCO sobre xenoma humano e dereitos humanos, así como os requisitos establecidos na lexislación vixente en materia de investigación biomédica, protección de datos de carácter persoal e bioética.

7. Os proxectos que impliquen experimentación animal deberán aterse ao disposto na normativa legal vixente e, en particular, ao Real decreto 1201/2005, do 10 de outubro, sobre protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos.

8. Os proxectos de investigación seguirán as prioridades establecidas no Programa sectorial de biomedicina e ciencias da saúde, do Plan galego de I+D+I e na Acción estratéxica en saúde, do Plan Nacional de I+D+I vixente.

9. Os traballos publicados como consecuencia dos proxectos financiados, farán constar unha referencia explícita á axuda recibida, que inclúa o código e o organismo financiador. Os autores destes traballos remitirán unha copia deles á Subdirección Xeral de Docencia e Investigación Sanitaria da Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria.

#### Artigo 3º.-Solicitudes e documentación.

1. O modelo oficial de solicitude será o que consta como anexo desta convocatoria, que se presentará debidamente cuberto e coa sinatura do/a investigador/a principal (IP) e do/a xerente do centro solicitante, que supón o coñecemento da proposta presentada, reconece a súa viabilidade, e o compromiso do centro de apoiar a correcta realización do proxecto en caso de que a axuda solicitada sexa concedida.

2. Xunto coa solicitude achegaranse os seguintes documentos:

- a) Memoria científica do proxecto.
- b) Memoria económica.
- c) *Curriculum vitae* dos integrantes do grupo de investigación.
- d) Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas por calquera administración pública para o mesmo proxecto.
- e) Para que os centros xestionen as súas actividades de investigación de acordo co previsto nos respectivos convenios a través das fundacións declaradas de interese galego, de conformidade coa Lei 12/2006, ademais da documentación citada anteriormente, presentarán:

-Escrito asinado polo/a xerente do centro autorizando o libramento dos fondos procedentes das axudas concedidas a estas entidades.

-Escrito do representante da fundación asumindo a xestión da axuda que lle poida corresponder, se é o caso.

-Declaración responsable de non estar incurso en causa de prohibición para a obtención de subvencións, das previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asinada polo representante legal da fundación.

f) Para os proxectos que impliquen investigación en seres humanos (incluídos os proxectos observacionais que requiran recolla de información da historia clínica individual) ou utilización de mostras biolóxicas de orixe humana exixirase o preceptivo informe do Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia, ou ben xustificante de telo solicitado antes da data final de presentación de solicitudes. Neste último caso o investigador principal deberá xuntar á solicitude o compromiso expreso de presentar o citado informe antes de que se resolva a convocatoria.

3. Para os efectos da presentación de documentación, en relación ás *curriculum vitae* a que fai referencia a línea 2.c, poderanse empregar os modelos do Instituto de Saúde Carlos III ou da Dirección Xeral de I+D+I da Consellería de Innovación e Industria.

Todos os documentos que é preciso entregar para a solicitude estarán dispoñibles na páxina web [www.sergas.es/idisaude](http://www.sergas.es/idisaude).

Artigo 4º.-*Forma e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes, xunto coa documentación indicada no artigo precedente, poderanse presentar no Rexistro da Consellería de Sanidade, ou ben por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A presentación en prazo do formulario de solicitude e das memorias científica e económica é un requisito indispensable, pois non se admitirán memorias adicionais á presentada co formulario de solicitude.

O modelo de solicitude cubrirase necesariamente por vía electrónica, a través do enderezo <http://www.sergas.es/idisaude>. Unha vez enviada telematicamente, os solicitantes deberán imprimir a solicitude, e proceder á sinatura dos orixinais para presentar no Rexistro co resto da documentación necesaria. A información contida na documentación presentada no Rexistro deberá necesariamente coincidir coa remitida telematicamente.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Se a documentación presentada resultar incompleta ou non cumprir os requisitos determinados nesta orde, requirirase o solicitante mediante notificación persoal e anuncio na páxina web da Consellería de Sanidade, para que no prazo de 10 días proceda a completar ou emendar as deficiencias observadas, coa advertencia de que, de non o facer no prazo indicado, se terá por desistido da súa solicitude e se procederá ao arquivo dela, de conformidade

co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procedéndose na forma prevista no artigo 42.1º da mesma lei.

*Artigo 5º.-Competencias.*

1. A tramitación das solicitudes corresponderá á Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria da Consellería de Sanidade, que actuará como órgano instrutor do expediente e que organizará os traballos de avaliación e selección, e resolverá as incidencias que se poidan producir en relación coa tramitación administrativa.

2. A conselleira de Sanidade será o órgano competente para resolver sobre o outorgamento ou denegación das axudas convocadas, así como para ordenar a súa restitución en caso de incumprimento do beneficiario, sen prexuízo de delegación noutros órganos da Consellería de Sanidade.

*Artigo 6º.-Orzamento.*

1. O orzamento previsto para este exercicio ascende a un total de trescentos dezasete mil novecentos trinta e dous euros (317.932 €), que se imputarán ás seguintes aplicacións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008:

-Cento cinco mil novecentos trinta e dous euros (105.932 €) con cargo á aplicación 1303.411A.780.1.

-Douscentos doce mil euros (212.000 €) con cargo á aplicación 5001.412A.780.1.

2.-O orzamento previsto para o exercicio 2009 ascende a un total de douscentos setenta e cinco mil seiscentos trinta e tres euros (275.633 €), que se imputarán ás seguintes aplicacións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para ese ano:

-Cento cinco mil seiscentos trinta e tres euros (105.633 €) con cargo á aplicación 1303.411A.780.1.

-Cento setenta mil euros (170.000 €) con cargo á aplicación 5001.412A.780.1.

3. O orzamento previsto para o exercicio 2010 ascende a un total de douscentos noventa e cinco mil seiscentos trinta e tres euros (295.633 €), que se imputarán ás seguintes aplicacións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para ese ano:

-Cento cinco mil seiscentos trinta e tres euros (105.633 €) con cargo á aplicación 1303.411A.780.1.

-Cento noventa mil euros (190.000 €) con cargo á aplicación 5001.412A.780.1.

4. O importe máximo para cada axuda será de vinte e seis mil euros (26.000 €) por proxecto e ano, ao cal se engadirá cada anualidade como máximo o 21%, en concepto de custos indirectos, tal e como se especifica no artigo 7.2º desta orde.

5. O financiamento das sucesivas anualidades estará condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dos seguintes exercicios.

6. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias indicadas, nas cales existe crédito

adecuado e suficiente no orzamento da comunidade autónoma para o ano 2008, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos correspondentes criterios de valoración.

*Artigo 7º.-Conceptos subvencionables.*

1. O importe das axudas concedidas poderase dedicar aos seguintes conceptos:

a) Gastos de persoal para colaborar nas actividades de investigación do proxecto. Esta contratación efectuarase atendendo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade e non discriminación. O seu obxecto determinará con claridade as funcións que se van realizar, e a súa vinculación directa co proxecto de investigación para o cal se contrata, facendo coincidir o final do proxecto e o dos contratos subscritos, sen que en ningún caso a duración destes poida exceder os tres anos. O importe mínimo para a contratación a tempo completo será de 21.000 euros por persoa e ano no caso de titulados superiores e 18.000 euros no caso de titulados medios ou FP.

A subscrición do contrato non implicará relación contractual ou de servizo entre a persoa contratada para o grupo de investigación e a Consellería de Sanidade ou o Servizo Galego de Saúde.

b) Adquisición de bens ou contratación de servizos, entre os cales se poderán incluír:

-Material inventariable e bibliográfico. O adquirido con cargo á axuda concedida pasará a formar parte do material inventariable do centro en que se execute o proxecto, no cal permanecerá unha vez finalizado este.

-Material funxible.

-Outros gastos, sempre que estean debidamente especificados e xustificadas, e garden relación directa co proxecto desenvolvido ou resulten necesarios para el.

c) Axudas de custo por desprazamento, debidamente xustificadas en relación co proxecto. Na primeira anualidade non se admitirán gastos derivados da difusión do proxecto.

2. O centro a que pertence o investigador principal do grupo de investigación que leve a cabo cada un dos proxectos seleccionados e financiados nesta convocatoria percibirá unha cantidade adicional equivalente como máximo ao 21% do importe da axuda concedida en cada caso, en concepto de custos indirectos.

*Artigo 8º.-Áreas prioritarias.*

Para os efectos da avaliación e selección dos proxectos, terase en conta que estes versen sobre áreas prioritarias de investigación, considerándose como tales as seguintes:

-As determinadas no Plan de saúde de Galicia 2006-2010.

-As determinadas no Plan integral de atención á saúde da muller en Galicia.

-As do Plan estratéxico de saúde mental 2006-2011.

-As determinadas no programa sectorial de biomedicina e ciencias da saúde do PGIDIT 2006-2010.

-Accións investigadoras que sexan de especial interese para a poboación ou para o Sistema Sanitario de Galicia e resulten debidamente xustificadas.

#### Artigo 9º.-*Órganos de avaliación e selección.*

1. A avaliación e selección das solicitudes debidamente presentadas ou emendadas en prazo será realízarla, respectivamente, por avaliadores externos e por unha comisión de selección.

2. Os avaliadores externos serán profesionais expertos de acreditado nivel científico-técnico, seleccionados polo órgano xestor.

3. A comisión de selección estará integrada por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a (con voz pero sen voto), 2 vogais que deberán ser profesionais da Consellería de Sanidade, e 2 vogais en representación de institucións sanitarias relacionadas coa investigación. Os membros da comisión serán designados por resolución da conselleira de Sanidade, por proposta da Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria.

#### Artigo 10º.-*Procedemento.*

O procedemento desenvolverase en dúas fases:

1. Na primeira fase terá lugar a avaliación científica dos proxectos presentados. Cada un dos proxectos será sempre examinado por dous avaliadores externos, de xeito independente, baixo o principio de estrita confidencialidade, emitindo cada un o correspondente informe.

a) A puntuación máxima nesta primeira fase será de 70 puntos, que se asignarán de acordo cos seguintes criterios:

-Calidade científico-técnica do proxecto: deseño, metodoloxía e plan de traballo en relación aos obxectivos presentados (máximo 40 puntos).

-Relevancia científica e sanitaria, contribucións esperadas, novidade e relevancia dos obxectivos para o sistema sanitario e o ámbito da biomedicina e ciencias da saúde (máximo 10 puntos).

-Viabilidade da proposta: perfil do investigador principal, composición do grupo de investigación, contribucións realizadas previamente na área de investigación que aborda o proxecto, rigor e adecuación do plan de traballo e actividades propostas aos obxectivos presentados (máximo 10 puntos).

-Aspectos éticos da proposta (máximo 5 puntos).

-Equilibrio entre o orzamento solicitado e os obxectivos presentados (máximo 5 puntos).

b) Os avaliadores poderán formular observacións e realizar os axustes que crean convenientes sobre calquera dos elementos integrantes do proxecto, sempre orientados a garantir a excelencia científica, a factibilidade e o respecto dos principios éticos aplicables.

c) A puntuación obtense calculando a media entre a puntuación outorgada por cada un dos avaliadores. No caso de que entre as puntuacións outorgadas a un mesmo proxecto polos avaliadores exista unha discrepancia significativa, solicitarase a valoración do proxecto por parte dun terceiro avaliador. A puntuación final do proxecto será o resultado da media das dúas puntuacións máis próximas.

2. Na segunda fase, a comisión de selección examinará os proxectos e seleccionará aqueles que acadasen un mínimo de 50 puntos logo da aplicación dos criterios determinados no número 1 deste artigo.

A seguir, a comisión procederá a avaliar os proxectos, aos cales poderá asignarlles un máximo de 30 puntos mediante a aplicación dos seguintes criterios:

-Adecuación dos proxectos ás prioridades establecidas (máximo 12 puntos).

-Presentación do proxecto por investigadores principais emerxentes (máximo 4 puntos). Enténdese por investigador emerxente aquel que non participase como investigador principal en ningún proxecto financiado con fondos públicos e avaliación externa nos últimos cinco anos.

-Proxectos presentados por equipos de investigación que integren profesionais de atención primaria e de enfermaría (máximo 3 puntos).

-Proxectos presentados en que a temática ou ámbito de estudo inclúa a atención primaria da saúde (máximo 2 puntos).

-Incorporación da perspectiva de xénero no proxecto (máximo 4 puntos).

-Participación de mulleres na composición dos equipos de investigación (máximo 2 puntos).

O emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as cales se solicita a axuda (máximo 3 puntos). Para facilitar o proceso de avaliación externa, recoméndase enviar a memoria científica tamén en castelán.

3. Finalizada a segunda fase, a comisión de selección elaborará un informe que conterá a puntuación obtida por cada proxecto e formulará a correspondente proposta de adxudicación, unha vez ordenadas as solicitudes segundo a puntuación total obtida, incluíndo unha proposta de orzamento para cada solicitude financiable ata esgotar o crédito dispoñible. Acompañarase dunha relación de suplentes, que quedará en reserva por se se produce algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ou ben un incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Este informe elevarase ao órgano instrutor.

#### Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. O órgano instrutor elevará este informe e a proposta de resolución á conselleira de Sanidade, que resolverá sobre a adxudicación das axudas aos solicitantes que resulten seleccionados.

2. O prazo para ditar e notificar a resolución será de 6 meses, contados a partir da data de apertura do prazo de presentación de solicitudes.

3. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)). As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas de desestimación.

4. Transcorrido o prazo de 6 meses sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes para os efectos de interpoñer os recursos procedentes.

#### Artigo 12º.-*Recursos.*

As resolucións -expresas ou presuntas- de concesión/denegación das axudas a que se refire a presente orde, poñen fin á vía administrativa e poderán ser obxecto de recurso potestativo de reposición, de conformidade co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben ser impugnadas na vía contencioso-administrativa, de conformidade co previsto na lexislación reguladora desta orde xurisdiccional.

#### Artigo 13º.-*Aceptación da axuda concedida.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, o interesado manifestará expresamente a aceptación da axuda concedida, mediante escrito dirixido á Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria, dentro dos 10 días seguintes á data de notificación da resolución de concesión da axuda.

2. De non presentarse a aceptación no prazo indicado, entenderase que renuncia á axuda.

#### Artigo 14º.-*Xustificación dos fondos percibidos.*

1. Antes do 30 de outubro de cada un dos anos para que foi aprobado o proxecto de investigación, a entidade xestora dos fondos remitirá á Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria da Consellería de Sanidade a seguinte documentación relativa ao traballo desenvolvido:

-Memoria científica, asinada polo IP, en que se desenvolva o plan de traballo realizado e os obxectivos acadados, conforme a solicitude presentada.

-Certificación do gasto relativo aos distintos conceptos subvencionables, asinada polo representante legal da entidade xestora.

-Declaración complementaria, asinada polo investigador principal, do conxunto das axudas públicas aprobadas, pendentes ou concedidas no exercicio corrente para o proxecto de investigación.

Para os efectos determinados neste parágrafo, terá a consideración de entidade xestora dos fondos as referidas no artigo 3.2º e) desta orde.

A non remisión en prazo da citada documentación, se está incompleta ou incorrecta, pode determinar a denegación da continuidade do financiamento do proxecto nas seguintes anualidades establecidas na súa concesión.

2. Dentro dos dous meses seguintes ao final do proxecto de investigación, o investigador principal presentará un informe final, no cal se recolla a descrición dos logros e a consecución dos obxectivos preestablecidos.

3. A falta de presentación das xustificacións anuais e/ou da memoria final, pode determinar a non concesión de axudas en futuras convocatorias.

4. Calquera modificación sobre o proxecto aprobado inicialmente notificarase coa debida anticipación e xustificarse debidamente ante a Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria da Consellería de Sanidade, á cal corresponderá autorizala ou rexeitala.

#### Artigo 15º.-*Pagamento.*

1. O pagamento efectuarase contra presentación da documentación que se refire no parágrafo 1 do artigo anterior.

2. O libramento dos fondos asignados farase en prol da fundación de investigación autorizada para realizar a súa xestión, tal como se indica no artigo 3.2º e).

#### Artigo 16º.-*Control.*

Os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que teñan encomendadas.

#### Artigo 17º.-*Reintegro das axudas.*

1. O incumprimento dos compromisos e obrigas adquiridos de conformidade co proxecto presentado e con esta orde dará lugar por parte da conselleira de Sanidade á revogación da axuda concedida e ao reintegro das cantidades percibidas, sen prexuízo das responsabilidades que resulten exixibles.

2. A revogación e o reintegro da axuda poderán ser totais ou parciais. No caso de acordarse o reintegro da axuda, o receptor quedará obrigado a aboar os xuros de mora producidos desde o pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos determinados na normativa sobre subvencións aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Disposición adicional*

No non previsto nesta orde será de aplicación supletoria a normativa autonómica en materia de subvencións vixente no momento do seu outorgamento.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2008.

María José Rubio Vidal  
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN NOS CENTROS DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO (ORDE DO 27 DE XUÑO DE 2008)	Nº DE EXPEDIENTE PS08/ (Reservado para a Administración)	DOCUMENTO - 1A SOLICITUDE (IP)
--	--	--------------------------------

DATOS DO INVESTIGADOR PRINCIPAL	
NOME	NIF
PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO
CENTRO/SANITARIO/EXPERIENCIA	SERVIZO/CENTRO DE SAÚDE
TITULACIÓN/ESPECIALIDADE	DOCTOR <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI, EN _____
ENDEREZO DE CONTACTO para efectos de notificacións (señalar o que proceda):	
<input type="checkbox"/> PARTICULAR	LOCALIDADE
<input type="checkbox"/> DO CENTRO DE TRABAILLO	PROVINCIA
CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO (para efectos de notificación)	TELEFONO 1
	TELEFONO 2
	FAX

DATOS DO PROXECTO	
TITULO DO PROXECTO	
DURACION DO PROXECTO	Nº TOTAL DE INVESTIGADORES (incluído o IP)
2 ANOS <input type="checkbox"/> 3 ANOS <input type="checkbox"/>	ORZAMENTO TOTAL SOLICITADO (incluído o IP)
OBSERVACIÓNS	

DOCUMENTACIÓN NECESARIA
<input type="checkbox"/> SOLICITUDE (DOCUMENTO 1A E 1B)
<input type="checkbox"/> MEMORIA EN MODELO NORMALIZADO (CIENFÍFICA E ECONÓMICA) (DOCUMENTO 2A E 2B)
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS (DOCUMENTO 3)
<input type="checkbox"/> CATEGORIZACIÓN/TITULO NORMALIZADO DOS MEMBROS DO EQUIPO INVESTIGADOR (DOCUMENTO 4) (ACEPTÁNSE OS MODELOS NORMALIZADOS DO INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III E DA DIRECCIÓN XERAL DE I+D+i)
<input type="checkbox"/> AUTORIZACIÓN DO XERENTE/RESPONSABLE DO CENTRO A QUE PERTENCE O INVESTIGADOR PRINCIPAL (DOCUMENTO 5)
<input type="checkbox"/> AUTORIZACIÓN DO REPRESENTANTE LEGAL DA FUNDACIÓN PARA XESTIÓNS A AXUDA (DOCUMENTO 6)
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DO IP DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE DO CEC (DOCUMENTO 7) (De non considerarse necesario o tipo informe, deberá especificarse)

\*Deberá enviar a solicitude vía telemática, tal e como se indica no texto da orde (antes do envío telemático, deberá inserir os arquivos correspondentes aos datos do equipo investigador e á memoria, preferentemente, en galego e en castelán). Así mesmo, deberá enviar en soporte electrónico os CV de todos os integrantes do equipo investigador.

VISTO E PRAZE DO RESPONSABLE DO CENTRO SANITARIO/EXPERIENCIA A QUE PERTENCE O INVESTIGADOR PRINCIPAL. (Esta sinatura implica o cumprimento da proposta presentada, resolveuse a súa viabilidade, e o compromiso do centro de apoiar a correcta realización do proxecto en caso de que a axuda solicitada seca concedida)

NOME E APELLIDOS	SINATURA E SELLO DO CENTRO
CARGO	

SINATURA DO INVESTIGADOR PRINCIPAL	(Para cubrir pola Administración) DATA DE ENTRADA NA UNIDADE XESTORA / / <input type="checkbox"/> REVISADO E CONFORME <input type="checkbox"/> PENDENTE DE EMENDA
------------------------------------	--

DIRECCIÓN XERAL DE ASEGURAMENTO E PLANIFICACIÓN SANITARIA  
 De conformidade co artigo 13.º E da Lei 4/2006, do 20 de maio, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

ANEXO II

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN NOS CENTROS DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO (ORDE DO 27 DE XUÑO DE 2008)	Nº DE EXPEDIENTE PS08/ (Reservado para a Administración)	DOCUMENTO - 1B SOLICITUDE (EQUIPO INVESTIGADOR)
--	--	---

DATOS DO EQUIPO INVESTIGADOR	
Nº TOTAL DE INVESTIGADORES (incluído o IP)	Nº TOTAL DE MULLERES NO EQUIPO
Nº TOTAL DE INVESTIGADORES DUE/AS	INVESTIGADOR PRINCIPAL EMERXENTE (Enténdese por investigador emerxente aquel que non participase como investigador principal en ningún proxecto financiado con fondos públicos e a afiliación externa nos últimos cinco anos)
	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>

DATOS DOS MEMBROS DO EQUIPO			
NOME	NIF	DATA DE NACEMENTO	SEXO
PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO		HOME <input type="checkbox"/> MULLER <input type="checkbox"/>
CENTRO/EXPERIENCIA	SERVIZO/CENTRO DE SAÚDE/DEPARTAMENTO		
TITULACIÓN/ESPECIALIDADE	DOCTOR <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI, EN _____	SINATURA (ORIXINAL)	
ENDEREZO DE CONTACTO para efectos de notificacións (señalar o que proceda):		LOCALIDADE	
<input type="checkbox"/> PARTICULAR			
<input type="checkbox"/> DO CENTRO DE TRABAILLO	PROVINCIA	TELEFONO 1	TELEFONO 2
CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO (para efectos de notificacións)			

NOME	NIF	DATA DE NACEMENTO	SEXO
PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO		HOME <input type="checkbox"/> MULLER <input type="checkbox"/>
CENTRO/EXPERIENCIA	SERVIZO/CENTRO DE SAÚDE/DEPARTAMENTO		
TITULACIÓN/ESPECIALIDADE	DOCTOR <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI, EN _____	SINATURA (ORIXINAL)	
ENDEREZO DE CONTACTO para efectos de notificacións (señalar o que proceda):		LOCALIDADE	
<input type="checkbox"/> PARTICULAR			
<input type="checkbox"/> DO CENTRO DE TRABAILLO	PROVINCIA	TELEFONO 1	TELEFONO 2
CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO (para efectos de notificación)			

\*Deberá enviar a solicitude vía telemática, tal e como se indica no texto da orde (antes do envío telemático, deberá inserir os arquivos correspondentes aos datos do equipo investigador e á memoria, preferentemente, en galego e en castelán). Así mesmo, deberá enviar en soporte electrónico os CV de todos os integrantes do equipo investigador.